

No portal DAFIS, unha forma de presentar os datos é a través da mediana (valor estatístico que deixa o mesmo número de valores por debaixo que por riba). Estas medianas están presentadas por proba e dentro de cada proba por idade e sexo. Nos seleccionamos todos os datos e amosámolos agrupados nunha táboa para cada proba para unha fácil e rápida lectura e comparación coa mediana de Galicia. Primeiramente facemos un breve comentario de cada proba e despois amosamos as táboas para que cada quen profundice libremente no seu estudo.

O **IMC** presenta uns resultados positivos, xa que é lixeiramente inferior para os rapaces, excepto no grupo de 15 anos, que é un punto e medio superior. Nas rapazas, os resultados son favorables en relación coa mediana galega, exceptuando os grupos de 13 e 17 anos.

A **presión manual** amosa resultados por debaixo da mediana galega, excepto na franxa de idade de nenos de 15 anos. Resulta sorprendente que ningún grupo de idade máis teña valores superiores a referencia galega.

En canto á **flexibilidade**, podemos facer dous bloques claramente diferenciados. En ambos sexos, nos 12, 13 e 14 anos, os resultados son similares a mediana galega. Pero nas franxas de idade restantes, os resultados son moi pobres comparados coa mediana galega, tendo unha mediana moi inferior.

Na proba de **salto horizontal** acontece ó contrario á proba de flexibilidade. Nas rapazas a mediana é superior en todas os tramos de idade e nos rapaces tamén, menos nos 12 e 13 anos. Destacamos os 15 anos femininos, cunha mediana 25 cm por riba da referencia, e os 17 anos masculinos, cunha mediana 15 cm superior a referencia.

A forza do tren superior foi calculada a través da suspensión de brazos e acontece algo similar á proba de flexibilidade: resultados peores en ambos sexos nos 12 e 13 anos, resultados similares nos 14 anos e resultados con altibaixos nos seguintes tres grupos de idade. Nestes últimos, no sexo masculino, os 15 anos teñen unha mediana moi inferior á referencia, nos 16 similar e nos 17 moi superior. En canto ó sexo feminino, nos 15 teñen un resultado moi superior, nos 16 similar e nos 17 un pouco superior.

A velocidade mediuse nunha proba de **4x10 m.**, amosando resultados moi similares no sexo masculino casi sempre lixeiramente inferiores (12, 15, 16 e 17) e lixeiramente superiores (13 e 14). No sexo feminino hai mellores resultados, sempre inferiores (especialmente dos 14 ós 17 onde chegan a mellorar case 1 segundo).

Por último, a tan temida **course navette**, os rapaces igualan ou melloran 1 nivel con respecto á mediana galega, excepto nos 12 e 15 anos (2 e 1 nivel inferior). As rapazas non empeoran en ningún tramo de idade con relación á mediana galega e incluso melloran en 4 tramos de idade (13, 14, 15 e 17).

<b>IMC</b>	<b>CHICOS</b>	<b>GALICIA</b>	<b>IES SANTA IRENE</b>	<b>CHICAS</b>	<b>GALICIA</b>	<b>IES SANTA IRENE</b>
	12	19,90	18,67	12	20,36	20,34
	13	20,82	19,97	13	21,21	21,52
	14	21	20,16	14	21,93	20,83

	15	21,51	22,91	15	22,20	21,68
	16	22,09	21,85	16	22,53	21,86
	17	22,16	22,76	17	22,55	22,75

<b>PRENSIÓN</b>	<b>CHICOS</b>	<b>GALICIA</b>	<b>IES SANTA IRENE</b>	<b>CHICAS</b>	<b>GALICIA</b>	<b>IES SANTA IRENE</b>
	12	40,90	39,80	12	40,40	37,95
	13	50,20	44,55	13	44,50	43,30
	14	60,30	57,30	14	47,10	45,40
	15	68,30	57,10	15	49	52,35
	16	72,05	66,40	16	49,30	46,10
	17	76,80	73,90	17	49,20	44,90

<b>FLEX</b>	<b>CHICOS</b>	<b>GALICIA</b>	<b>IES SANTA IRENE</b>	<b>CHICAS</b>	<b>GALICIA</b>	<b>IES SANTA IRENE</b>
	12	21	22,38	12	28	30,15
	13	22,25	23,75	13	28,75	34,50
	14	23	19,50	14	31	35
	15	25,43	8,25	15	31,50	9,75
	16	25,50	5	16	31	13,75
	17	24,50	3,75	17	31	8

<b>SALTO</b>	<b>CHICOS</b>	<b>GALICIA</b>	<b>IES SANTA IRENE</b>	<b>CHICAS</b>	<b>GALICIA</b>	<b>IES SANTA IRENE</b>
	12	152	139	12	140	141
	13	164	156	13	144	158
	14	180	187	14	146	155
	15	189	200	15	150	175
	16	195	200	16	149	161
	17	205	220	17	147	155

<b>SUSPENSIÓN</b>	<b>CHICOS</b>	<b>GALICIA</b>	<b>IES SANTA IRENE</b>	<b>CHICAS</b>	<b>GALICIA</b>	<b>IES SANTA IRENE</b>
	12	9	6	12	5	1
	13	11	1	13	5,8	2
	14	15	13	14	5	3
	15	23	10	15	7	16,5
	16	30	27	16	8,4	5
	17	26,45	36	17	6	9,5

<b>VEL</b>	<b>CHICOS</b>	<b>GALICIA</b>	<b>IES SANTA IRENE</b>	<b>CHICAS</b>	<b>GALICIA</b>	<b>IES SANTA IRENE</b>
	12	12,61	12,29	12	13,10	12,97
	13	12	12,22	13	12,81	12,20
	14	11,59	11,70	14	12,77	11,90
	15	11,19	11,04	15	12,68	11,87

	16	11	10,80	16	12,53	12,62
	17	10,83	10,71	17	12,64	11,72

<b>CN</b>	<b>CHICOS</b>	<b>GALICIA</b>	<b>IES SANTA IRENE</b>	<b>CHICAS</b>	<b>GALICIA</b>	<b>IES SANTA IRENE</b>
	12	5	3	12	3	3,5
	13	6	6	13	3	4,5
	14	6,5	7	14	3,5	4,5
	15	7	6	15	4	5
	16	8	9	16	4	4
	17	8	9	17	4	5